




Os xóvenes e as TIC

XUNTA DE GALICIA



Índice

1

Introdución

2

Incidencia dos xóvenes no
equipamento dos fogares

3

Incidencia dos xóvenes no uso das
tecnoloxías

4

Os nativos dixitais

5

Conclusións

1. INTRODUCCIÓN





Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.



Obxectivos

- Evaluar a incidencia da presenza de nenos/as e xóvenes no fogar en relación ao equipamento e uso das tecnoloxías da información, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE .
- Cuantificar o uso de Internet dos “nativos dixitais” e, en particular, das redes sociais, a partir de fontes de información complementarias .

2. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO EQUIPAMENTO DOS FOGARES






Os fogares con nenos/as en idade escolar obrigatoria presentan un equipamento e unha penetración de servizos TIC significativamente superior á media

Fogares con ordenador segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

En concreto, dispoñen de ordenador o 86,2% dos fogares con nenos/as de entre 3 e 16 anos, fronte ao 61,6% dos fogares onde non hai nenos/as nesas idades.

Fogares con ordenador segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)


A dispoñibilidade de ordenador é tamén máis común en fogares con estudantes maiores de 16 anos, cunha relevante penetración do 95,3%, mentres que nos fogares sen estudantes a súa presenza é do 63,5%.



Tanto a convivencia con nenos/as como con estudantes maiores de 16 anos repercute positivamente na contratación de Internet

Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Constátanse grandes diferenzas respecto á contratación do servizo de Internet en función da convivencia con nenos/as. Cando hai nenos no fogar, tres de cada catro vivendas dispoñen de conexión a Internet, fronte á metade dos fogares onde non hai presenza de nenos.

Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Un 84,3% dos fogares nos que residen estudantes maiores de 16 anos teñen acceso a Internet. Entre aqueles fogares onde non residen estudantes, a porcentaxe de contratación de Internet redúcese ata o 52,4%.




Existe unha relación positiva entre a presenza de nenos/as no fogar e a actitude positiva cara ás novas tecnoloxías.

As persoas en fogares con nenos/as séntense máis identificados coa tecnoloxía e considéranla de máis utilidade.

Fogares sen conexión a Internet contratada porque non a consideran útil nin interesante segundo a convivencia con nenos / as


(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Fogares sen conexión a Internet contratada porque non a consideran útil nin interesante segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A convivencia con estudantes inflúe de xeito decisivo na percepción da utilidade de Internet. Entre os fogares que non teñen Internet, 6 de cada 10 fogares nos que non residen estudantes maiores de 16 anos non a consideran útil, porcentaxe que se reduce á metade cando reside algún estudante maior de 16 anos.

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

MOTIVACIÓNS	CONVIVENCIA CON NENOS/AS (%)		TOTAL (%)
	Con nenos / as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Non o necesitan	31,1	47,7	45,3
Non o queren	18,2	38,2	35,3
Non lles resulta útil	7,6	22,8	20,6
Non o coñecen	4,0	17,8	15,8
Teñen poucos coñecementos para usalo	6,3	28,9	25,6
Son moi caros	57,6	30,3	34,2
Téñeno noutro lugar	22,8	11,9	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	6,2	5,9	6,0

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A falta de necesidade ou utilidade son argumentos menos frecuentes para a non contratación de Internet cando residen menores no fogar. Tamén a falta de coñecementos é moi inferior como argumentación cando hai este tipo de convivencia.

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con estudantes

MOTIVACIÓNS	CONVIVENCIA CON ESTUDANTES (%)		TOTAL (%)
	Con estudantes maiores de 16 anos	Sen estudantes maiores de 16 anos	
Non o necesitan	31,1	47,7	45,3
Non o queren	18,1	36,1	35,3
Non lles resulta útil	7,8	21,2	20,6
Non o coñecen	3,0	16,4	15,8
Teñen poucos coñecementos	5,1	26,6	25,6
Son moi caros	48,0	33,6	34,2
Téñeno noutro lugar	32,5	12,6	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	11,5	5,7	6,0

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)


A convivencia con estudantes maiores de 16 anos inflúe de forma similar á convivencia con nenos/as nas razóns de fondo aducidas para non contratar Internet.



Pódesse afirmar que os fogares con nenos/as en idade escolar presentando porcentaxes de acceso a Internet a través de banda larga significativamente superiores á media.

Fogares con acceso contratado a banda larga segundo a convivencia con nenos / as


(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Fogares con acceso contratado a banda larga segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Na contratación de tecnoloxía de banda larga é maior a influencia da convivencia con estudantes maiores de 16 anos que no caso da convivencia con nenos/as: 8 de cada 10 fogares con estudantes dispón de banda larga, fronte ao 49,3% dos fogares sen estudantes.

3. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO USO DAS TECNOLOXÍAS




Uso do ordenador

A relación da poboación xoven galega co uso das TIC é estreita e habitual. A tecnoloxía cada vez cobra máis relevancia entre os máis novos/as, é unha ferramenta requerida no entorno escolar e támén resulta chave nos seus procesos de socialización.

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Practicamente 9 de cada 10 de xóvenes entre 16 e 34 anos utilizou o ordenador nos últimos 3 meses, case 30 puntos por riba da media xeral.

Os fogares con nenos/as son elementos tractores e de impulso no desenvolvemento da sociedade da información

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)


Tamén os fogares con estudantes maiores de 16 anos son máis favorables ao uso do ordenador (98,2%), con diferenzas moi relevantes con respecto aos fogares nos que non conviven estudantes maiores de 16 anos (57%).

Uso de Internet

O uso da Internet entre os xóvenes galegos de entre 16 a 34 anos está amplamente estendida.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O 87,9% empregou a Rede nos últimos tres meses, un dato que constata o alto grao de implantación de Internet na poboación máis nova, e que se reduce drasticamente entre a poboación maior de 35 anos.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria repercute positivamente no uso de Internet, cunha vantaxe de 16 puntos porcentuais con respecto aos fogares sen nenos/as.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)


En relación ao uso de Internet nos últimos tres meses, a convivencia con estudantes maiores de 16 anos é determinante, de xeito que o seu uso acada o 97,1% cando existe convivencia con estes estudantes, e redúcese ata o 54,6% nos casos nos que non existe tal convivencia.

Compra electrónica

A fenda dixital por idade é patente no que se refire á compra electrónica.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A porcentaxe de persoas xóvenes que adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses duplica á porcentaxe de maiores de 35 anos que merca na Rede.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Aínda que a compra electrónica é máis habitual entre as persoas que conviven con escolares, as diferenzas en relación coas persoas que non conviven con nenos/as en idade escolar obrigatoria é pouco significativa (23,3% fronte a 19,8%), probablemente porque os nenos/as non teñen un peso decisivo neste uso específico das TIC .

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)


A compra de bens ou servizos a través de Internet nos últimos tres meses sitúase nun 20,7%, aumentando 8 puntos porcentuais entre as persoas que conviven con estudantes maiores de 16 anos, polo que a convivencia con este colectivo impulsa o comercio electrónico.

4. OS NATIVOS DIXITAIS



Os adolescentes galegos/as conéctanse a Internet asiduamente.

Con que frecuencia utilizas Internet?




Fonte: “Adolescentes e Internet en Galicia”. Valedor do Pobo Galicia. 2011

O 87,3% dos adolescentes galegos/as conectáanse cunha frecuencia cando menos semanal e 6 de cada 10 fano diariamente.

O tempo adicado a Internet amosa o protagonismo da Rede na vida das e dos adolescentes galegos.

Aproximadamente canto tempo te conectas?




Fonte: “Adolescentes e Internet en Galicia”. Valedor do Pobo Galicia. 2011

O 28,1% navega pola Rede máis de dúas horas diarias e un 45,8% entre 1 e 2 horas ao día.

Estamos ante unha diferenza xeracional considerable.

Os teus pais usan Internet?




Fonte: "Adolescentes e Internet en Galicia". Valedor do Pobo Galicia. 2011

Un de cada catro pais non utilizaron nunca ou practicamente nunca Internet, dato que contrasta claramente coa porcentaxe rexistrada entre os propios adolescentes.

As redes sociais convertéronse en pouco tempo nunha das aplicacións máis utilizadas. O seu uso, asociado a unha maior familiaridade co entorno dixital e coas aplicacións de Internet, é especialmente popular entre a poboación adolescente.


Por que utilizas Internet? Normalmente, para que te conectas?



Fonte: “Adolescentes e Internet en Galicia”. Valedor do Pobo Galicia. 2011


Un 85% dos adolescentes galegos/as fai uso das Redes Sociais. Máis de 6 de 10 realiza descargas e procura información vencellada aos estudos.

Número de Redes Sociais nas que estás rexistrado/a



Fonte: “Adolescentes e Internet en Galicia”. Valedor do Pobo Galicia. 2011

O 85% dos adolescentes galegos/as está rexistrado en, polo menos, unha rede social, case o 40% en dúas e ate un 15,9% en tres ou máis.



A xuventude galega mostra unha actitude positiva cara ás novas tecnoloxías

Actitudes e crenzas cara a Internet e as Redes Sociais

	MEDIA
Internet e as redes sociais son unha boa maneira de coñecer xente e facer amigos/as	3.46
Gústame agregar cada vez máis amigos/as ao meu perfil de Facebook, Tuenti, ...	3.04
Na miña opinión as redes sociais son un perigo	2.32
Internet axúdame nos estudos	3.81
Creo que cada vez hai máis xente da miña idade “enganchada” a Internet e as redes sociais	4.35
Algúns dos meus amigos/as fan un uso excesivo ou pouco axeitado de Internet e as redes sociais	3.65
Internet supón unha boa maneira de estar ao día en moitas cousas	4.05
Ás veces síntome máis cómodo chateando polo Facebook, Tuenti,... que falando cara a cara coa xente	2.53
Na miña opinión as redes sociais son unha perda de tempo	1.83
Gústame facer comentarios en Facebook, Tuenti... e que me respondan a eles	3.63
Gústame o anonimato que brinda Internet	2.81
Internet paréceme unha fonte excelente para conseguir información	4.38
Navegar por Internet paréceme seguro	2.98

Fonte: “Adolescentes e Internet en Galicia”. Valedor do Pobo Galicia. 2011

Escala de resposta de “1” (NADA DE ACORDO) A “5” (TOTALMENTE DE ACORDO)

Os adolescentes galegos/as comparten maioritariamente a idea de que Internet é unha fonte excelente para conseguir información, e que supón unha boa maneira de estar ao día. Así mesmo, existe tamén un amplo acordo en que cada vez hai máis xente da súa idade enganchada a Internet e ás redes sociais.

Internet e as redes sociais están integradas na vida dos nativos dixitais.
A participación nas redes sociais xa forman parte da súa interacción co resto da sociedade. Ademais, o uso da Rede percíbese como un tempo de ocio e resúltalles gratificante ocupar as horas en Internet

Escala de dependencia da Internet

	MEDIA
Para min é importante poder conectarme diariamente a Facebook, Tuenti...	3.19
Nalgunhas ocasións teño perdido horas de sono por usar Internet	2.06
Ás veces conéctome máis do que debera	2.94
En ocasións prefiro quedarme conectado/a a Internet en lugar de estar coa miña familia ou amigos/as	1.92
En ocasións pónome de mal humor por non poder conectarme	2.37
Cando estou conectado/a sinto que o tempo voa e cando me dou conta levo horas en Internet	3.33
Teño descoidado as tarefas de estudo por conectarme a Internet	2
Teño deixado de facer cousas importantes para estar conectado/a	2.02

Fonte: "Adolescentes e Internet en Galicia". Valedor do Pobo Galicia. 2011

Escala de resposta de "1" (NADA DE ACORDO) A "5" (TOTALMENTE DE ACORDO)

5. CONCLUSIONES



- ❑ Nove de cada dez xóvenes galegos/as de 16 a 34 anos utilizou o ordenador nos tres últimos meses, case 30 puntos por riba da media.
- ❑ A convivencia con nenos/as en idade escolar e estudantes maiores de 16 anos é un elemento tractor e de impulso na dispoñibilidade de ordenador, na contratación de Internet e de banda larga.
- ❑ Existe unha relación positiva entre a presenza de nenos/as no fogar e a actitude positiva cara ás novas tecnoloxías. As persoas en fogares con nenos/as considéranas de máis utilidade.
- ❑ A porcentaxe de persoas xóvenes que adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses duplica á porcentaxe de maiores de 35 anos que merca na Rede
- ❑ A convivencia con estudantes maiores de 16 anos é determinante no uso de Internet, acadando o 97,1% cando existe convivencia con estes estudantes, e reducíndose ata o 54,6% nos casos nos que non existe tal convivencia.
- ❑ O 87,3% dos adolescentes galegos/as conectáanse cunha frecuencia cando menos semanal e 6 de cada 10 fano diariamente
- ❑ As redes sociais convertéronse en pouco tempo nunha das aplicacións máis utilizadas: O 85% dos adolescentes galegos/as está rexistrado en, polo menos, unha rede social, case o 40% en dúas e ate un 15,9% en tres ou máis.

